

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Xosé Núñez Búa, a Luís Seoane do 08/05/1963**

**Colección:**

**Data:** 08/05/1963

**De:**

Xosé Núñez Búa;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita co membrete:] Alameda Hotel. VIGO

**Mencionados:**

Francisco Fernández del Riego; Álvaro Gil Varela; Valentín Paz-Andrade;

---

## **Transcrición da epistola de Xosé Núñez Búa, a Luís Seoane do 08/05/1963**

8-5-63

Querido Luís:

Onte viaxei eiquí con Álvaro Xil. Faleille do proieito de Proyecto sobre mobiliario español. Paresceulle ben e está disposto a participar ca metade do cap. que faga falla. Eu non fixen máis que apuntar a idea, pois, lle dixen, queremos madurala ben antre os dous, denantes de perfilala pra dala en forma de Proyecto. Tamén viaxei con Pepe Fernández, o cerebro do grupo financeiro en que é executivo Álvaro. A él, craro, non lle dixen ren do asunto, pois non teño ningunha confianza co íl. A quen lle falei, xa eiquí, hoxe, foi a Valentín, quen me dixo que xa tiña falado algo contigo e que lle parece ben. Agora, fagamos o proieito do Proyecto e, cando iste o teñamos listo en forma, xa o presentaremos. Tí, que eres o xerminal, mándame unha nota extensa. Eu fareiche as ouservacións ou engadidos que coide. Considero que hay que falar de mobiliario –no mobiliario entra todo– español ou hispánico, non só galego. Debemos querer xestar unha empresa con pulo longo, os limites xa os darán a realidade e as posibilidades financeiras. Se facemos un proyecto con afán

européu, non de rueiro, conseguiremos medios financeiros. De outro xeito afogaremos o propio anceio. Pra Magdalena xa fixen unha.

Álvaro gustou dos teus murales. Valentín di que se porá en procura de coneitarte con arquitectos. Coido debes escribirlle ós dous. Do Proyecto podes decirlle só que conmigo andas a matinar tal Proyecto, que lle daremos a coñecer cando estea ben perfiado.

Vin a Del Riego. Estuvo moi cordial.

Apertas

Pepe

Escribe xa a La Plata Díaz 80-952 ou a Bs As: San Martín 665 – “Cenit”.

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.